

literaria

Unha conversa con Díaz Pardo para entender o século XX

■ O que sucedeu con Díaz Pardo e Sargadelos en febreiro de 2007, cando o obrigaron a abandonar a dirección, motivou que amplos sectores, os maioritarios, da cultura galega manifestasen a súa máis profunda repulsa ao que consideraban unha ofensa para un personaxe, a estas alturas, irrepitible na Galicia contemporánea. Unha desas persoas é a guionista e presentadora Montse Nieto, quen na canle na que traballou mási tempo, Localia, puido entrevisar aos persoeiros máis senlleiros de Galicia en todas as súas manifestacións. Desea habilidade que só se acada coa práctica sae este libro editado por Toxosoutos que é, en esencia, unha macroentrevista a Díaz Pardo. Certo é que o intelectual coruñés é un asiduo dos medios e, sobre todo desde o conflito en Sargadelos, a súa presenza é maior se cadra. Por iso o co-

ñecemento que hoxe se ten sobre a súa figura está nun nivel moi alto. Porén, non é frecuente, pola propia timidez do personaxe, que Díaz Pardo se solte con calma a lingua para falar de determinados temas. Non é este o caso, no que o entrevistado está máis falanguero que nunca e, por riba, máis crítico e aceito tamén, e abranguendo un abano de temas que van desde a súa propia experiencia até a actualidade política.




"Ollos da memoria. Conversas no Monxoi con Isaac Díaz Pardo"
Montse Nieto
Toxosoutos / 15 euros

literaria

Cabanillas xa ten a súa escolma poética ilustrada en Kalandraka

■ A figura de Ramón Cabanillas é unha continuación da xeración decisiva no Rexurdimento da cultura galega —Curros, Pondal, Rosalía, etc.—, con quen fixo de enlace non só no uso do seu idioma materno, senón na temática, moi preocupada polos sinais de identidade e, por riba de todo, por unha fonda sensi-

bilidade social. E o certo é que, aínda que moitos criticarían o seu abeiramento a posicións reaccionarias, Cabanillas foi un puntal ao longo do século XX até o seu pasamento, en 1959, como proban, entre outros, os poemas máis políticos e belixerantes que integran esta escolma de poesías que vén de saír na magnífica colección Trece Lúas da editorial Faktoría K de Libros, pola que xa teñen pasado, entre outros, Unamuno, Pessoa e outros. Trátase de trece composicións seleccionadas nesta ocasión polo máis esforzado biógrafo do Poeta da Raza, o tamén cambadés Luis Rei, autor do recentemente publicado "Ramón Cabanillas. Crónicas de destellos e saudades" (Ed. Galaxia). E, este é un dos valores desta colección, a isto hai que engadir as ilustracións dun ilustrador galego, Anxo Pastor, quen pon as súas creacións entre oníricas e surrealistas, de formas espigadas e carácter evocador, ao servizo do Cabanillas máis reivindicativo.



"Ramón Cabanillas. Escolma poética"
Edición a cargo de Luis Rei
Ilustrado por Anxo Pastor
Faktoría K de Libros / 15 euros

Na liña de Pilar García Negro, Celia Armas ou Francisco Rodríguez sitúase este traballo de Diego Pardo Amado, investigador da Universidade da Coruña.

Unha luz riba da negra sombra

Un estudo sobre Rosalía, a matriarca das letras galegas

LIBROS

VICENTE ARAGUAS



Diante deste libro de Diego Pardo Amado, novo nesta praza, "Rosalía de Castro. A luz da ousadía" (Edicións Laiovento, Bertamiráns-Ames, 2009), conciso, estreito, mais ambicioso, como a escrita da autora á que vai adicado, non cabe senón un sentimento de lelicia porque neste país, ás veces un pouco de máis proclive á melancolía, saia xente enérxica disposta a coller o touro polos cornos, reivindicando á "Santía" no seu valor exacto.

O que se desprende dunha obra coherente e vigorosa, na que ironía e afouteza van parellas ao sentido crítico dunha persoa que o tivo tres veces difícil: por escribir, por ser muller (e lembremos algún dos seus traballos primitivos agachado so dun ambiguo R. de Castro) e, "last but not least" por facelo, na súa parte decisiva, en galego. Unha lingua que se acabou tendo a aceptación social ("ma non troppo") de que hoxe goza, na época de Rosalía de Castro non podía acadar o senso que tiña a lingua hexémónica en España. Na que escribía, por exemplo, a Pardo Bazán. Dona polo demais ben arrebatada no seu pulo vitalista, que a levou definirse como naturalista, e mesmo a deixar detrás súa un marido pouco entusiasta dos pinchecarneiros da esposa. Certo que a das Torres

RECOÑECIMENTO

"Se Rosalía fose de Massachussetts, vestida ou non de branco, hoxe sería figura mundial"

de Meirás tiña cartos, e Rosalía de Castro, non, que nese caso habería que saber se os seus espónsais con Manuel Murguía (a) terían tido lugar e (b) se tal, e coidando na desidia sentimental de "Manolo", non acabarían sendo flor dun día, como os da parella Quiroga-Pardo Bazán.

Especulacións, en todo caso, terreo no que Pardo Amado non se move. Xa que o seu é un estudo empírico, acompañado dun aparato bibliográfico ben notable, que tivo como destino primeiro a súa presenza diante dun tribunal que ía xulgalo como estudo de investigación dun programa de doutoramento. Paso previo, pois, ao que Diego Pardo Amado completará con esa trese doutoral xa anunciada que leva por título "O debate sobre a identidade feminina na obra de Rosalía de Castro e na literatura galega renacente".



Diego Pardo Amado

Rosalía de Castro

A luz da ousadía

EDICIÓN
LAIOVENTO

"Rosalía de Castro. A luz da ousadía"
Diego Pardo Amado
Laiovento / 12 euros

E pois este autor rula polos espazos da investigación o seu é un traballo con cheiriño, non a alecrim, como no fado, senón a memoria de licenciatura ou tesina. O que está moi ben cando non se trata dun mero carretar de ósos, dunha tumba a outra, senón dunha procura de material diferente. Aínda que ás veces extraído das novelas de Rosalía, tan ilustrativas (tamén do seu propio avatar). Un material que sente as bases, eis o caso, que nos falan dunha Rosalía rompente ou cortar dunhas augas ben contaminadas para a muller. E Pardo Amado pon exemplos varios de cómo vía as estas o século que veu nacer e medrar a Rosalía, como persoa valente e escritora xenial.

Sempre digo que se Rosalía fose de Massachussetts, vestida ou non de branco, como Emily Dickinson, hoxe sería figura mundial. O prólogo do libro é de María Pilar García Negro, outra que tal baila, sensibilidade intelixente e moi boa pluma. ¿Radical? ¿E iso non tiña que ver con raíces? Pois.